

**ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA EXTRAORDINARIA DE CULTURA, EDUCACIÓN,
PATRIMONIO HISTÓRICO, DOCUMENTAL E LINGÜÍSTICO**

A Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico reúnese con carácter extraordinario no Pazo provincial ás 12:25 h do día 5 de setembro de 2025, baixo a presidencia de **D. JORGE CUBELA LÓPEZ** e a asistencia dos seguintes deputados e deputadas: **D. JAVIER TOURÍS ROMERO** en substitución de D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME, D.^a **M^a SANDRA BASTOS MÍGUEZ** en substitución de D.^a LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ, **D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA**, D.^a **MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ**, **D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO**, D.^a **MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ**, **D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA**, **D. MARCOS GUIASOLA PADÍN**, **D. GREGORIO LUÍS AGÍS GÓMEZ**, D.^a **DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ**, **D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ**, D.^a **NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ**, **D. GORKA GÓMEZ DÍAZ**, **D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN**, **D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO** e D.^a **MARÍA ORTEGA IÑARREA**, coa seguinte orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Non existe ningún reparo e apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 24 de xullo de 2025.

2.- DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS, EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA EDICIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2025 (Expte. 2025083217)

O presidente dá conta da concesión de subvencións, en concorrencia competitiva, para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2025, tramitadas polo Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra. A convocatoria destas axudas saíu publicada no BOPPO núm. 33, de 18 de febreiro de 2025 e están destinadas á edición en formato papel e a edicións audiovisuais, mixtas e noutros formatos especiais que se editen en galego normativo durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025, coa finalidade de colaborar na difusión de traballos de interese para a permanencia, o recoñecemento e a identidade da cultura galega a través do tempo. Convocáronse cun financiamento de cen mil (100.000,00) euros, con cargo á aplicación 25/332.3322.789.00.

Trala recepción de solicitudes e comprobación das mesmas, resolveuse a concesión das axudas ás entidades e publicacións que a continuación se detallan, por un importe total de 99.135,58 euros.



CIF	Entidade beneficiaria	Obxecto subvención	Importe concedido
G27877703	Asociación Cultural Abella Producións	Audiovisual "Catoira. Gardiáns do Ulla"	5.900,00 €
G94081809	Asociación Musical Cultural Tirante	Publicación "Patrimonio fluvial na ribeira do río Miño"	3.500,00 €
G16409831	Asociación Cultural Entroido de Aguasantas	Publicación e audiovisual "O regreso da Momada"	8.000,00 €
G36018893	Centro Social Cultural e Deportivo As Pedriñas	Publicación "Tameiga: O agromar da memoria"	2.772,00 €
G36361434	Asociación de Amigos do Museo Casa do Patrón	Publicación "Manual de obradoiros educativos IV"	3.500,00 €
G36585214	Asociación O Faiado da Memoria	Publicación e audiovisual "Vida Salnés"	2.006,90 €
G36410967	Asociación Etnográfica de Codeseda	Audiovisual "O liño en Galicia, unha tradición artesanal esquecida"	6.000,00 €
G16684367	Fundación Bretal	Publicación do catálogo da exposición "Un mosteiro, un mar de historias"	3.500,00 €
G36774578	Asociación Folclórica Gaiteiros da Xistra	Publicación e audiovisual "Proxecto Soutullo: gaiteiros de Ponteareas anteriores a 1950"	3.000,00 €
G36907244	Fundación Carlos Casares	Publicación "Carlos Casares e a evolución na normalización do galego"	3.500,00 €
G70747472	Asociación Se Chove que Chova de Cambados	Publicación e audiovisual "Polisemias sonoras, 1ª Edición"	7.800,00 €
G36624120	Asociación de Familias e Persoas con Parálise Cerebral - APAMP	Publicación "A caixa de Vivindo"	1.305,79 €
G15220577	Asociación Galega de Hemofilia	Publicación "Convivir coas coagulopatías: Cuadernillo formativo para centros educativos"	818,54 €
G94176575	Asociación Cultural e Artística Os Contentos	Audiovisual "Os seráns do Verdugo-Oitavén"	2.058,21 €
G27745397	Fundación para la Pesca y el Marisqueo - FUNDAMAR	Publicación "O mar a raías. Raspiña, Shu e a carpintería de ribeira"	3.176,25 €
G36525673	Asociación Recreativo Cultural Repichoca	Publicación "Feito a man. Unha viaxe polos oficios tradicionais de Galicia"	3.500,00 €
G36487072	Asociación Cultural Alecrín de Ribadumia	Audiovisual "A Ponte dos Padriños"	3.375,39 €
G36537231	Asociación Cultural O Torreiro de Forzáns	Publicación "Forzáns: Terra de petróglifos, castros, pazos e afouteza"	2.439,36 €
G94153053	Asociación para el Desarrollo Educativo y Cultural- ADEC	Edición especial "Arquitectura e bienestar"	6.090,00 €



G94180213	Asociación Asemmo Moaña	Publicación e audiovisual "Castelao e o linogravado: a revolución gráfica en Galicia"	8.000,00 €
G56261738	Asociación O Eido do Cervo	Audiovisual "Cervos na pedra: pegadas dun pasado vivo"	6.000,00 €
G36031292	Asociación Cultural e Deportiva Dorna	Publicación "Do Campelo a Carreirón: guía da toponimia da Illa de Arousa"	2.562,14 €
G36482347	Asociación Galega de Percutas Omar	Publicación e audiovisual "A batucada galega Vol. III, o novo patrimonio pontevedrés"	6.831,00 €
G94155298	Asociación Cultural Colectivo Espazo 16	Publicación "A arquitectura do millo"	3.500,00 €
TOTAL			99.135,58 €

3.- DAR CONTA DA ORGANIZACIÓN DO CICLO DE CONCERTOS SON VERÁN (Expte. 2025048291)

O presidente dá conta da organización por parte do servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra do ciclo de concertos Son Verán, que terán lugar entre os meses de xullo e outubro de 2025 en espazos patrimoniais e de referencia dos concellos da provincia. Serán 13 concertos de artistas e agrupacións de gran calidade artística que pretenden sumarse á oferta cultural e musical da provincia, ao tempo que se pon en valor o propio patrimonio artístico e natural da provincia, con estilos e propostas alternativas ás programadas polos concellos: ópera, canción de autor, tradicional fusión e un musical homenaxe a un referente da literatura.

Para os gastos derivados da organización do ciclo, solicitouse unha retención de crédito por un importe total de 140.000,00 euros, con cargo á aplicación 25/330.3340.226.09 do vixente orzamento provincial.

A relación de concertos e concellos é a seguinte:

EMILIO RÚA. 25 ANIVERSARIO

- Vila de Cruces. Praza da Igrexa, 25 de xullo, ás 20 horas
- O Rosal. Área de recepción dos muíños do Folón e do Picón, 5 de agosto, ás 21 horas
- A Cañiza. Praza Maior, 18 de agosto, ás 22 h

ÓSCAR IBÁÑEZ. TRIBAL

- Cerdedo-Cotobade. Campo da Festa de Vilanova de Tenorio, 16 de agosto, ás 22.30 h

CARLOS NÚÑEZ. LUGARES MÁXICOS

- Ponteareas. Castro de Troña, 5 de setembro, ás 19 h
- Poio. Praza do Mosteiro, 12 de setembro, ás 20:30 h



QUERIDA MONTSERRAT, QUERIDO LUCIANO. ÓPERA CONCERT

- Cangas. Porto de Aldán, 26 de agosto, ás 21 horas
- Baiona. Excolexiata de Santa María, 27 de agosto, ás 21 horas
- Sanxenxo. Praza Fonte de Ramos, 28 de agosto, ás 21:30 horas

DESCUBRINDO A VALLE-INCLÁN. TEO CARDALDA E MARÍA MONSONÍS

- Moraña. Edificio Multiusos, 26 de setembro, ás 21 h
- Mondariz. Praza de Abastos, 27 de setembro, ás 22 h
- Forcarei . Auditorio de Soutelo de Montes, 25 de outubro, ás 20:30 h
- Vilanova de Arousa. 26 de outubro

4.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se produciron.

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por concluída a reunión ás 12:30 horas do mencionado día, do que eu como secretaria dou fe.

